

8º INFORME
2018

O ESTADO DA POBREZA EN GALICIA

SEGUIMIENTO DO INDICADOR DE RISCO DE
POBREZA E EXCLUSIÓN SOCIAL (AROE) EN GALICIA

2008-2017



EAPN Galicia. Rede Galega contra a Pobreza
www.pobreza.gal

Este informe executivo forma parte do VIII Informe “[El Estado de la Pobreza en España 2018](#)” que ven de presentar a Rede Europea de Loita contra la Pobreza e a Exclusión Social do Estado Español (EAPN-España), da que a Rede Galega Contra a Pobreza (EAPN Galicia) forma parte.¹

En base a información oficial de Eurostat, Instituto Nacional de Estadística (INE), Instituto Galego de Estadística (IGE) ou o Ministerio de Empleo y Seguridad Social, pretende ofrecer á sociedade galega unha avaliación do grado de cumprimento do obxectivo social especificado na Estratexia Europa 2020 para o conxunto de España.

Dos grandes parámetros estatísticos sobre pobreza, privación, desemprego e desigualdade, unha parte dos mesmos corresponde ó indicador de risco de pobreza e/ou exclusión social da Unión Europea (AROPE). Este indicador resulta da agregación das persoas incluídas nestes tres conceptos:


1. **Risco de Pobreza.** En 2017 ingresar menos de 8.522€ ao ano 710,2€ ó mes, o chamado limiar de pobreza (60 % da mediana da renda nacional equivalente en unidades de consumo).
2. **Privación ou carencia material severa (PMS).** É dicir, vive nun fogar no que os seus membros non poden permitirse polo menos catro de nove conceptos ou ítems de consumo básico definidos a nivel europeo.
 - Tivo atrasos no pago de gastos relacionados coa vivenda principal (hipoteca ou aluguer, recibos de gas, comunidade...) nos últimos 12 meses.
 - Non pode permitirse manter a vivenda cunha temperatura axeitada.
 - Non pode permitirse ir de vacacións polo menos unha semana ao ano.
 - Non pode permitirse unha comida de carne, pito ou peixe polo menos cada dous días (ou o seu equivalente vexetariano).
 - Non ten capacidade para afrontar gastos imprevistos (por un importe de ata 650€).
 - Non pode permitirse dispor de teléfono.
 - Non pode permitirse dispor dun televisor en cor.
 - Non pode permitirse dispor dunha lavadora.
 - Non pode permitirse dispor dun automóbil.
3. **Baixa Intensidade laboral no fogar (BITH).** A relación entre o número de meses traballados efectivamente por todos os membros do fogar e o número total de meses

¹ <https://www.eapn.es/estadodepobreza/>

que, en teoría, poderían traballar como máximo todas as persoas en idade de traballar do fogar . O indicador comprende ás persoas de 0 a 59 anos que viven en fogares cunha intensidade de emprego inferior a 0,2.

Risco de Pobreza e/ou Exclusión social (AROPE)

Poboación en risco de pobreza ou exclusión en Galicia (Evolución taxa AROPE 2008-17)



Fonte: INE

A porcentaxe de poboación en risco de pobreza ou exclusión (AROPE) baixou do **25,4% no 2016 ao 22,6% no 2017** , 78,449 persoas menos (de 690.505 a 612.006).

Esta taxa mostra algúns datos positivos en Galicia, pola baixada de todos os indicadores, aínda que a redución é lenta comparada co crecemento da economía e o temor fundado a que nunha nova crise económica a pobreza de moitas persoas voltaría a empeorar rapidamente.

Este 22,6 % da poboación galega que está en risco de pobreza e/ou exclusión social no 2017, sitúase a catro puntos por baixo da media nacional e a 2 puntos da rexistrada no ano 2009. **Galicia é, pois, unha das cinco rexións que conseguiu reducir a súa taxa AROPE a cifras inferiores ás do comezo da crise.** En calquera caso, a súa taxa AROPE máis elevada rexistrouse no ano 2015, cando a recuperación macroeconómica xa parecía clara e comezara a recuperación das taxas medias nacionais.

GALICIA: POBLACIÓN AROPE POR SEXO


GALICIA	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017
POB. TOTAL	2.784.169	2.796.089	2.797.653	2.795.422	2.781.498	2.765.940	2.748.695	2.732.347	2.718.525	2.708.339
Hombres	1.344.268	1.349.603	1.350.547	1.349.591	1.343.328	1.335.122	1.325.657	1.317.054	1.309.809	1.304.392
Mujeres	1.439.901	1.446.486	1.447.106	1.445.831	1.438.170	1.430.818	1.423.038	1.415.293	1.408.716	1.403.947
% AROPE	25,1%	24,6%	22,7%	21,0%	23,8%	24,3%	23,8%	25,7%	25,4%	22,6%
% Hombres	23,7%	22,8%	22,2%	20,6%	24,1%	23,4%	24,0%	25,3%	25,0%	20,7%
% Mujeres	26,3%	26,2%	23,1%	21,3%	23,6%	25,2%	23,6%	26,0%	25,7%	24,4%
POB. AROPE TOTAL	698.826	687.838	635.067	587.039	661.997	672.123	654.189	702.213	690.505	612.006
AROE Hombres	318.648	307.926	299.804	277.358	324.109	311.998	318.024	333.449	327.310	269.441
AROE Mujeres	378.943	379.550	334.100	308.569	338.714	360.730	335.463	368.371	362.091	342.762

Por outra banda, a pesares da baixa deste indicador, **a taxa AROPE é notablemente máis elevada entre as mulleres**, grupo no que **alcanza ao 24,4 % fronte ao 20,7 % da poboación masculina**.

Esta diferenza débese principalmente á desigual redución da taxa deste último ano, que foi intensa para o conxunto da poboación, pero moi diferente en función do sexo. Así, se nos dous anos anteriores as diferenzas por sexo só foron de sete décimas, no último ano **a taxa masculina reduciuse 4,3 puntos** (do 25% no 2016 ao 20,7% no 2017) **e a feminina só 1,3 puntos** (do 25,7% no 2016 ao 24,4% no 2017)

En termos absolutos, unhas 600.000 persoas residentes en Galicia, o 56 % mulleres, están en risco de pobreza e/ou exclusión social. O resto do valores relativos e absolutos poden consultarse na táboa anterior.

Poboación en risco de pobreza e/ou exclusión social (Taxa AROPE 2008 – 2017)




Risco de pobreza e exclusión por CCAA

As taxas de risco de pobreza ou exclusión máis elevadas son en Extremadura (44,3%), Canarias (40,2%) e Andalucía (37,3%). As máis baixas en Navarra (13,5%), País Vasco (14,5%) e A Ríoxa (14,4%) .


En Navarra, Comunitat Valenciana, Cataluña, Balears e especialmente Extremadura, empioran os datos de risco de pobreza ou exclusión. **O aumento notable en Balears**

permite que por primeira vez, Galicia se sitúe por riba (22,6% fronte ao 24,7% balear).



Compoñentes da taxa AROPE

Risco de pobreza.



No ano 2017, **a taxa de pobreza de Galicia reduciuse en 0,3 puntos (-1,6 %)** con respecto ao ano anterior (diminúe do 19% ao 18,7%). Galicia ten unhas 507.000 persoas en risco de pobreza, das cales 287.000 (57 %) son mulleres. Con respecto ao ano 2008, a pobreza reduciuse nunhas 74.000 persoas.

Ademais, a taxa posiciónase case tres puntos por baixo da media nacional (21,6%). **Galicia é unha das seis rexións que conseguiu reducir a súa pobreza por baixo da rexistrada no último ano anterior á crise.** Así, desde 2008 a taxa reduciuse 2,2 puntos, o que supón un decremento do 10,5 %.

A **feminización da pobreza** que se detecta en todo o estado, tamén se da con crudeza en Galicia. **Entre 2016 e 2017 30.507 homes saíron da pobreza, mentras que 20.913 mulleres entraron nela.**

Mentras a taxa de pobreza masculina reduciuse 2,3 puntos porcentuais no último ano, a taxa de pobreza feminina aumentou 1,6 puntos. Así, un 20,5% das mulleres se atopaban nesta situación no 2017, fronte ao 16,9% dos homes.


Con estes resultados, as taxas de pobreza por sexo, que eran moi similares ata o ano pasado, pasan a ser 3,6 puntos máis elevadas para as mulleres que para os homes.

GALICIA: POBLACIÓN EN RIESGO DE POBREZA POR SEXO

GALICIA	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017
POB. TOTAL	2.784.169	2.796.089	2.797.653	2.795.422	2.781.498	2.765.940	2.748.695	2.732.347	2.718.525	2.708.339
Hombres	1.344.268	1.349.603	1.350.547	1.349.591	1.343.328	1.335.122	1.325.657	1.317.054	1.309.809	1.304.392
Mujeres	1.439.901	1.446.486	1.447.106	1.445.831	1.438.170	1.430.818	1.423.038	1.415.293	1.408.716	1.403.947
% POBREZA	20,9%	20,6%	18,1%	16,1%	18,3%	17,2%	15,4%	19,4%	19,0%	18,7%
% Hombres	19,5%	18,7%	17,9%	15,7%	18,3%	16,4%	14,9%	19,2%	19,1%	16,9%
% Mujeres	22,1%	22,4%	18,3%	16,6%	18,3%	17,8%	15,8%	19,6%	18,9%	20,5%
POB. POBREZA TOTAL	581.891	575.994	506.375	450.063	509.014	475.742	423.299	530.075	516.520	506.977
POBREZA Hombres	262.302	252.127	241.233	211.460	245.992	219.488	197.634	253.472	250.320	219.813
POBREZA Mujeres	318.921	323.710	265.271	240.030	262.834	255.124	224.839	277.370	266.438	287.354

RENDA MEDIA POR UNIDADE DE CONSUMO.

Ao longo de todo o período, a renda media por unidade de consumo da poboación



de Galicia experimentou un proceso moi similar ao rexistrado na renda media nacional, pero con distintas intensidades que propiciaron un achegamento dos valores.

Actualmente, a renda media por unidade de consumo en Galicia é de 15.880 €, cifra que é un 3,1 % inferior á media

nacional (-510 €). Este último ano, a renda incrementouse en 452 €, o que supuxo un incremento do 2,9 %.

Por outra banda, o grupo de persoas do tramo máis baixo de renda, aquelas que gañan menos de 5.546 € por unidade de consumo- aumentou de xeito notable desde o ano 2014. A parte máis importante deste intenso incremento produciuse este último ano no que pasou desde o 6,9 % ata o 10,1 %. Ademais, o 36,4 % da poboación ten ingresos por unidade de consumo inferiores aos 1.000 € mensuais (decil 4, ou menos).

12 Galicia: % de personas en decilas de renta por u. c. y renta máxima										
	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017
Decil 1	8,2	9,1	7,3	7,5	8,1	6,8	5,3	6,2	6,9	10,1
Ingresos máx	6.249,0	6.559,0	6.295,6	5.995,0	5.657,5	5.566,9	5.097,7	4.937,2	5.297,0	5.546,4
Decil 2	12,9	10,6	10,4	8,0	9,6	9,8	8,5	9,9	9,1	7,6
Ingresos máx	8.407,0	8.787,5	8.602,2	8.258,6	8.122,8	8.051,4	7.426,9	7.548,9	7.684,0	8.143,4
Decil 3	13,5	12,5	11,8	10,6	9,8	9,9	11,4	10,9	10,5	7,6
Ingresos máx	10.254,0	10.914,9	10.776,5	10.062,4	9.925,6	9.697,1	9.345,8	9.515,7	9.588,5	10.085,8
Decil 4	12,1	12,5	11,4	12,9	11,0	14,3	12,8	11,3	13,0	11,1
Ingresos máx	12.064,8	12.847,9	12.648,4	11.955,2	11.855,0	11.583,0	11.227,5	11.410,5	11.633,9	12.149,0
Decil 5	11,2	12,9	12,6	12,8	14,1	10,8	11,7	11,3	13,0	10,5
Ingresos máx	13.965,6	14.794,6	14.605,0	13.929,4	13.867,7	13.523,5	13.268,7	13.351,5	13.680,8	14.203,2
Decil 6	10,3	9,7	11,8	11,9	11,3	11,3	11,1	12,5	10,3	13,7
Ingresos máx	16.170,1	17.041,3	16.889,8	16.156,5	15.985,9	15.736,3	15.458,4	15.517,3	15.868,9	16.666,5
Decil 7	10,9	11,6	11,6	12,1	11,9	11,3	11,7	10,8	10,0	12,8
Ingresos máx	18.776,8	19.701,2	19.739,2	18.898,1	18.933,5	18.293,1	18.347,9	18.225,7	18.600,7	19.341,1
Decil 8	9,1	10,7	9,6	9,9	9,1	10,1	11,9	11,0	10,3	11,1
Ingresos máx	22.079,9	23.464,6	23.200,9	22.728,1	22.700,0	21.926,2	22.082,9	21.796,8	22.356,3	23.236,7
Decil 9	6,6	5,6	6,7	7,5	7,7	8,7	8,5	8,6	9,0	7,4
Ingresos máx	28.397,7	29.638,3	29.713,4	28.878,9	28.769,1	27.860,4	27.781,6	27.789,0	28.436,9	29.245,9
Decil 10	5,3	4,7	6,8	6,8	7,3	7,0	7,1	7,6	8,0	8,0
Ingresos des	28.397,8	29.638,4	29.713,5	28.879,0	28.769,2	27.860,5	27.781,7	27.789,1	28.437,0	29.246,0

FRAXILIDADE DAS PERSOAS MAIORES DE 65 ANOS.

Respecto dos ingresos da poboación maior, cuxas rendas están case totalmente determinadas polo importe da pensión que reciben, a táboa seguinte mostra que **unhas 296.000 persoas (o 39 % de todas as pensións) reciben unha pensión cuxo importe é inferior ao mínimo considerado para non ser pobre.**

Se se consideran só as de viuvez, case todas de mulleres, o 57,3 %, teñen un importe inferior ao limiar de pobreza. Ademais, para o 11,6 % do total, o importe da pensión é inferior ao limiar de pobreza severa (calculado para 14 mensualidades segundo o 30 % da mediana de renda).

Por último, debe destacarse tamén que algo máis de 150.000 pensións atópanse no tramo inmediatamente superior ao límite do limiar de pobreza, é dicir, o seu importe mensual está entre 609 € e 650 €. Noutras palabras, outro 20 % de pensionistas está nunha posición de vulnerabilidade límite e a piques de caer na pobreza.

Nº de pensiones por Pobreza, Clase y Tramos de cuantía (a 31 diciembre de 2017)						Umbral de pobreza (Mensual, 14 pagas)	609 €
						Umbral de pobreza severa (Mensual, 14 pagas)	304 €
GALICIA	Incapacidad permanente	Jubilación	Viudedad	Orfandad	Favor familiar	Todas las pensiones	
Hasta 150 euros	559	16.824	7.924	2.133	113	27.553	
De 150,01 a 250,00	337	8.604	9.549	9.936	626	29.052	
De 250,01 a 300,00	272	6.839	19.234	1.421	71	27.837	
De 300,01 a 304 (Estimación)	90	1.663	1.866	86	9	3.714	
De 304,01 a 350 (Estimación)	942	17.425	19.547	896	92	38.902	
De 300,01 a 350,00	1.032	19.088	21.413	982	101	42.616	
De 350,01 a 400,00	5.181	15.958	10.273	762	42	32.216	
De 400,01 a 450,00	4.503	16.897	10.553	872	1.686	34.511	
De 450,01 a 500,00	3.095	8.725	7.611	481	2.683	22.595	
De 500,01 a 550,00	3.127	8.898	5.468	443	134	18.070	
De 550,01 a 600,00	8.076	16.421	7.723	1.652	105	33.977	
De 600,01 a 609 (Estimación)	1.120	21.771	7.428	54	15	28.294	
De 609,01 a 650 (Estimación)	5.305	105.640	36.894	274	79	150.286	
De 600,01 a 650,00	6.425	127.411	44.322	328	94	178.580	
De 650,01 a 707,69	4.021	16.254	7.910	3.484	86	31.755	
De 707,70 a 800,00	7.639	38.403	9.310	273	130	55.755	
De 800,01 a 900,00	5.071	19.578	7.152	183	97	32.081	
De 900,01 a 1.000,00	4.082	18.098	4.934	189	84	27.387	
De 1.000,01 a 1.100,00	3.255	17.326	3.529	217	72	24.399	
De 1.100,01 a 1.200,00	2.560	14.463	2.383	119	63	19.588	
De 1.200,01 a 1.300,00	1.978	12.585	1.867	108	40	16.578	
De 1.300,01 a 1.400,00	1.528	10.878	1.826	36	16	14.284	
De 1.400,01 a 1.500,00	1.238	9.225	2.837	35	15	13.350	
De 1.500,01 a 1.600,00	1.021	8.019	920	20	7	9.987	
De 1.600,01 a 1.700,00	738	7.367	254	13	7	8.379	
De 1.700,01 a 1.800,00	607	6.242	65	10	11	6.935	
De 1.800,01 a 1.900,00	572	5.689	16	21	4	6.302	
De 1.900,01 a 2.000,00	491	5.145	18	15	1	5.670	
De 2.000,01 a 2.100,00	446	4.629	14	18	6	5.113	
De 2.100,01 a 2.200,00	403	4.371	5	3	2	4.784	
De 2.200,01 a 2.300,00	297	3.881	2	2	1	4.183	
De 2.300,01 a 2.400,00	203	3.790	2	-	-	3.995	
De 2.400,01 a 2.500,00	149	4.391	2	-	-	4.542	
De 2.500,01 a 2.573,68	121	3.186	-	-	-	3.307	
De 2.573,69 a 2.573,71	655	12.631	4	1	-	13.291	
Más de 2.573,71 euros	324	1.833	1	1	-	2.159	
Todos los tramos	70.006	473.649	187.121	23.758	6.297	760.831	
TOTAL EN POBREZA	27.302	140.025	107.176	18.736	5.576	296.721	
% pens. debajo umbral	39,0%	29,6%	57,3%	78,9%	88,6%	39,0%	
TOTAL EN POBREZA SEVERA	1.258	33.930	38.573	13.576	819	88.156	
% pens. bajo umbral sev.	1,8%	7,2%	20,6%	57,1%	13,0%	11,6%	

Fuente: Elaboración propia con datos del Ministerio de Trabajo, Migraciones y Seguridad Social

Privación ou carencia material severa



GALICIA: POBLACIÓN CON PRIVACIÓN MATERIAL SEVERA POR SEXO

GALICIA	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017
POB. TOTAL	2.784.169	2.796.089	2.797.653	2.795.422	2.781.498	2.765.940	2.748.695	2.732.347	2.718.525	2.708.339
Hombres	1.344.268	1.349.603	1.350.547	1.349.591	1.343.328	1.335.122	1.325.657	1.317.054	1.309.809	1.304.392
Mujeres	1.439.901	1.446.486	1.447.106	1.445.831	1.438.170	1.430.818	1.423.038	1.415.293	1.408.716	1.403.947
% PMS	3,0%	3,4%	4,4%	2,5%	4,1%	4,6%	5,5%	4,2%	4,1%	2,4%
% Hombres	3,5%	3,8%	4,1%	2,3%	3,4%	4,0%	5,1%	3,6%	4,0%	2,3%
% Mujeres	2,4%	3,1%	4,7%	2,6%	4,6%	5,2%	5,8%	4,8%	4,2%	2,4%
TOTAL	83.525	95.067	123.097	69.886	114.041	127.233	151.178	114.759	111.460	64.023
PMS Hombres	47.434	51.404	55.036	31.668	46.339	53.685	67.554	47.989	53.002	29.906
PMS Mujeres	34.943	44.818	68.040	38.117	66.398	73.892	82.661	67.942	59.637	34.125

No 2017, o 2,4 % da poboación de Galicia vivía en condicións de Privación Material Severa, é dicir, non pode facer fronte polo menos a catro de nove conceptos de consumo básico definidos a nivel europeo que se mostran no apartado correspondente.

Nos tres últimos anos produciuse unha **diminución intensa da taxa de Carencia Material Severa en Galicia, que a levou a cifras inferiores á metade da media nacional** e, tamén, inferiores aos seus rexistros do ano 2008. En termos absolutos unhas 64.000

persoas, 47.000 menos que o ano pasado, viven en condicións de Privación Material Severa. Ademais, non hai practicamente diferenzas por sexo.


A evolución e os valores correspondentes aos ítems de consumo poden verse nas táboas e gráficos seguintes.

En xeral, para case todos os ítems medidos, as porcentaxes son sensiblemente inferiores aos rexistrados no ano anterior, **excepto para o grupo que non pode permitirse unha comida de proteínas cada dous días, que se multiplicou por tres**. En calquera caso, o tamaño deste grupo é un 11 % inferior ao da media nacional (0,4 puntos menos).

PRIVACIÓN MATERIAL SEVERA GALICIA (Detalle por ítems)		
	2016	2017
Retrasos no pago da hipoteca ou aluguer da vivenda principal ou das facturas de electricidade, auga, gas, comunidade etc. nos últimos 12 meses	5.7	4.3
Non pode permitirse manter a vivenda cunha temperatura axeitada	9.1	6.7
Non pode irse de vacacións cando menos unha semana ao ano	46.3	38.7
Non pode permitirse unha comida de carne, polo ou peixe cada dous días cando menos	1.1	3.3
Non ten capacidade para afrontar gastos imprevistos	28.9	21.6
Non pode permitirse ter coche	2.3	2.0
Non pode permitirse ter un ordenador	4.8	2.6


Por outra banda, con respecto á media nacional, as porcentaxes son inferiores tamén para a totalidade dos ítems, excepto para aquelas persoas que non poden permitirse ir de vacacións polo menos unha semana ao ano, cuxa taxa é 4,4 puntos superior.

Finalmente, os datos mostran que a poboación que experimenta dificultades para chegar a fin de mes reduciuse desde o 56 % ao 43 %. Por outra banda, o grupo que o fai "con moita dificultade", experimentou unha mínima redución de 0,4 puntos, é dicir, un 6,8 % menos. En calquera caso, esta cifra é un 42 % inferior -catro puntos menos- á media nacional.



Baixa intensidade de emprego no fogar (BITH)

O 12 % da poboación menor de 60 anos que reside en Galicia, é dicir, unhas 224.000



persoas, vive en fogares con baixa intensidade de emprego.

A cifra é 0,8 puntos porcentuais inferior á media do territorio nacional e 1,6 puntos inferior con respecto ao ano pasado.

Por outra banda, do mesmo xeito que a evolución da taxa media nacional, o indicador BITH

experimentou un período de forte incremento que se mantivo ata o ano 2012. A partir dese ano a evolución cambiou de signo e comezou un período de redución longo e paulatino que levou as taxas ao seu valor actual.


Finalmente, o rexistro por sexos mostra unha evolución moi similar: ao comezo do período, a taxa BITH entre a poboación feminina era 1,5 puntos porcentuais superior á masculina e, ao finalizar o período, a diferenza é de 0,4 puntos.

A recuperación do Emprego ten efecto neste indicador, aínda que a baixa calidade do mesmo e a precariedade laboral motiva que a redución non sexa mais profunda (no conxunto do estado, a taxa de pobreza laboral mantense no 14,1%).

GALICIA: POBLACIÓN BITH POR SEXO (0 a 59 años)

GALICIA	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017
POB. TOTAL (0 a 59)	2.011.969	2.012.055	2.004.281	1.994.291	1.977.095	1.955.315	1.932.406	1.909.054	1.888.491	1.869.675
Hombres	1.012.761	1.012.483	1.008.517	1.003.232	995.163	983.567	971.198	958.924	947.926	938.265
Mujeres	999.208	999.572	995.764	991.059	981.932	971.748	961.208	950.130	940.565	931.410
% BITH	7,6%	7,9%	12,2%	11,9%	14,7%	14,1%	14,9%	13,8%	13,6%	12,0%
% Hombres	6,9%	7,5%	11,7%	11,1%	12,8%	12,4%	14,9%	14,5%	12,7%	11,8%
% Mujeres	8,4%	8,3%	12,6%	12,6%	16,7%	15,8%	14,9%	13,1%	14,5%	12,2%
POB. BITH (0 a 59)	152.933	159.499	243.544	236.388	290.940	274.913	287.551	264.243	256.161	224.264
BITH Hombres	69.420	76.229	118.263	111.114	127.129	121.790	144.751	139.368	120.078	110.611
BITH Mujeres	83.463	83.250	125.279	125.267	163.776	153.193	142.800	124.827	136.191	113.663

Pobreza severa




No ano 2017 a pobreza severa (medida cun limiar do 30 % da mediana) en Galicia alcanzou ao 7,1 % da súa poboación, 192.000 persoas. Todas elas viven en fogares que ingresan menos de 355 € mensuais por unidade de consumo.

Este aumento da pobreza severa e o empeoramento das condicións de vida da

poboación mais pobre ocorre tamén no conxunto do estado, donde alcanzou o 6,9% no 2017 (3,2 millóns de persoas)

Esta cifra contrasta coa taxa de pobreza que alcanza un dos seus valores históricos máis baixos en Galicia: a renda media leva crescendo varios anos, pero, como se viu na análise dos deciles de renda, este crecemento aínda non está chegando aos grupos máis pobres.



Resumo

- No ano 2017, un total de 612.006 persoas, o 22,6% da poboación residente en Galicia, estaba en Risco de Pobreza e/ou Exclusión Social (AROPE nas siglas en inglés). Baixando do 25,4% ao 22,6%.
- A recuperación económica está a perxudicar especialmente á muller, voltando ás taxas AROPE tradicionalmente superiores á masculina.
- As persoas en Carencia Material Severa diminúen notablemente (do 4,1 ao 2,4% da poboación) e moi por riba do conxunto do estado. Os sete conceptos deste indicador baixan, agás o do número de persoas que non poden permitirse unha comida de carne, polo ou peixe ao menos cada dous días (do 1,1% ao 3,3%).
- No 2017, un 18,7% da poboación galega estaba en pobreza (506.977 persoas), con ingresos mensuais inferiores a 710€/mes. 3 décimas menos que no 2016 e 2,2 puntos menos dende 2008.
- A feminización da pobreza en todo o estado, tamén se da en Galicia. Entre 2016 e 2017 30.507 homes saíron da pobreza (-2.3 puntos), mentras que 20.913 mulleres entraron nela (+1.6 puntos). Así, un 20,5% das mulleres se atopaban nesta situación no 2017, fronte ao 16,9% dos homes.
- O 7,2% da poboación galega vive en pobreza severa, con ingresos inferiores a 4.260€ ao ano (355€/mes). Tampouco en Galicia a recuperación económica está chegando a persoas máis vulnerables.
- As persoas vivindo en fogares con baixa intensidade laboral (traballando menos do 20% da xornada semanal) diminúen do 13,6% ao 12%. A recuperación do Emprego beneficia este indicador, aínda que a baixa calidade do mesmo e a precariedade laboral motiva que a redución non sexa máis profunda. En todo o estado, a taxa de pobreza laboral mantense no 14,1%).
- Fraxilidade das persoas maiores de 65 anos. O 39% das pensións que se distribúen en Galicia teñen un importe inferior ao limiar da pobreza. Delas, 88.156 (o 11,6% do total de pensións) teñen un importe por debaixo do limiar de pobreza severa. Nas de viudedade, percibidas maioritariamente por mulleres, as porcentaxes son do 57,3% e 20,6%.
- Algo máis de 150.000 pensións se atopan no tramo inmediatamente superior ao límite do limiar de pobreza (importe mensual entre 609€ e 650€), polo que outro 20% de pensionistas está nunha posición de vulnerabilidade límite e a piques de caer na pobreza.

